



29 de Marzo de 2012. Folga Xeral

Como sabedes o Goberno do Partido Popular aprobou un Proxecto de Lei que, ao mesmo tempo que deixa aos traballadores e traballadoras absolutamente desprotexidos fronte ao poder da patronal, tamén establece os mecanismos para aplicar as mesmas políticas na Administración Pública.

O persoal laboral estamos directamente afectados por esta nova reforma que, unha vez máis precariza, esta vez dun xeito radical, as condicións laborais e sociais dos traballadores e traballadoras.

Coa nova reforma resérvase para o empresario ou o gobernante de turno, entre outras cousas:

- O dereito á modificación das condicións de traballo.
- O despido practicamente gratis.
- A posibilidade de rescisións de contratos individuais e colectivos sen ter que xustificalos.

Ademais:

- Precariza a negociación colectiva, deixándoa sen ningún valor real.
- Considera como absentismo as baixas, aínda xustificadas, inferiores a 20 días, co que faltando 9 días no prazo de 2 meses o despido será obxectivo.
- Posibilita as contratacións precarias a través das ETT para a prestación de servizos na administración.
- Os parados que estean a cobrar prestación terán que realizar "un traballo social", mediante convenios de colaboración coas administracións públicas, deste xeito traballos realizados até o momento por traballadores da administración realizaranse por desempregados/as.

Iso si, se a alguén non lle interesan as condicións que lle impoñan, pódese autodespedir cunha indemnización de 20 días por ano traballado e un máximo de 9 ou 12 meses, segundo o caso.

Configúrase, deste xeito, un marco de relacións laborais máis próximo ao escravismo que ao que cabería esperar dunha sociedade que se di democrática.

Como vedes hai razóns para mobilizarse contra esta nova reforma esixindo a súa derogación inmediata.

Desde o Comité de Empresa, facemos un chamamento á participación activa do colectivo de traballadores/as da Universidade da Coruña na folga do día 29, e animámosvos a participar nos actos para ese día programados.

Tamén vos chamamos a que ese día, en coherencia co día de folga laboral, realicedes unha folga de consumo.

Xogámonos moito. Non nos podemos permitir un fracaso.